



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 19 DE XUÑO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica e Informática de Galicia

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece a ordenación do currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Oncolóxico de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se declara zona de especial protección para as aves o espazo natural Pena Trevinca

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Institutgo Galego de Seguridade e Saúde Laboral

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a subscrición de compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas destinadas á realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Lalín, para finalización das obras de construción dunha escola infantil 0-3 integrada na Rede galega de escolas infantís 0-3 (Galescola)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición, por razón de contía, dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Sanidade e a Fundación España Salud, para a prestación de asistencia sanitaria e farmacolóxica
- Acordo polo que se autoriza a subscrición entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Ministerio de Traballo e Inmigración, dun protocolo polo que se prorroga para o ano 2008 o convenio de colaboración suscrito o 25 de outubro de 2005 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o Honorable Goberno Municipal do Municipio de Samaipata (Bolivia), para a execución do proxecto de mellora da educación na Comunidade Bermejo, Florida (Santa Cruz), a través da Unidade Educativa Timoteo Rondales, dependente da Dirección Distrital de educación Samaipata
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Noia, en materia de protección civil e construción da base para o Servizo Local de Protección Civil
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación de Lugo, para a adquisición de cinco vehículos contra incendios e de salvamento
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Medio Rural, Traballo e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de Empresarios de San Cibrao para a colaboración co servizo de bombeiros do parque empresarial na atención das emerxencias nos concellos próximos e a colaboración en tarefas de prevención e protección civil



- Acordo polo que se crea a Academia Galega de Gastronomía e se aproban os seus seus estatutos
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar, para o desenvolvemento dunha acción de investigación sobre episodios tóxicos de orixe fitoplanctónico en moluscos bivalvos de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dez millóns noventa mil cincocentos corenta e nove euros con trinta e nove céntimos de euro (10.090.549,39 euros) correspondente á obra: “Acondicionamento da estrada OU-101 Ourense-Maceda. Treito: Acceso ao parque tecnolóxico-Maceda”
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Allariz, para o acondicionamento e mellora da seguridade vial na estrada OU-320 ao seu paso por Allariz

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo, para a realización do programa oficial de posgrao Creación, dirección e innovación na empresa

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM FEADeR-Boiro... Meis)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de Infraestruturas Rurais (PEIM FP-Boqueixón...Queimadelos)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa *Asociación Gallega de la Carne*, para a participación na elaboración dun plan estratéxico da carne en Galicia, por un importe de un millón oitocentos corenta e oito mil seiscentos setenta e nove euros (1.848.679,00 euros)

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Memorando de Entendemento entre a Organización das Nacións Unidas para Agricultura e a Alimentación (FAO) e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, para intensificar a colaboración en materia pesqueira en beneficio dos países en desenvolvemento

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Parada de Sil, para a execución da obra: *Actuacións de saneamento da Comunidade Autónoma de Galicia, saneamento en Parada de Sil. Parada de Sil (Ourense)*, polo importe de oitocentos sesenta e catro mil euros (864.000,00)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia-CIS Madeira, para impulsar e divulgar o uso da madeira na edificación



O CONSELLO APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

- ***Velará pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión mediante a salvagarda e observancia dos seus principios deontolóxicos e éticos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, mediante decreto, os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, que entrarán en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG. O Colexio agrupará obrigatoriamente a todas as persoas españolas e estranxeiras que, por estaren en posesión do título oficial de enxeñaría técnica en informática ou diplomatura en informática expedido polo Estado -ou dos títulos comunitarios ou estranxeiros homologables a estes- desenvolvan actividades propias da profesión ou exerzan función ou cargo en razón destes títulos con domicilio profesional na Comunidade Autónoma.

O texto establece que se exceptúa da colexiación obrigatoria os profesionais vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral cando o destinatario da súa actuación sexa esa Administración.

Ademais, os estatutos contemplan a existencia de membros xubilados, que poderán seguir pertencendo ao Colexio de pleno dereito –sen que teñan que satisfacer as cotas colexiais-; de colexiados de honra, que serán aquelas persoas, pertencentes ou non á profesión, que lle rendan servizos destacados; e de pre-colexiados, persoas que estean cursando os estudos de enxeñaría técnica en informática e teñan acadado un mínimo do 80% dos créditos. Estes últimos terán todos os dereitos dos colexiados excepto a posibilidade de participación en órganos de goberno; voto nas asembleas e todos aqueles que para a súa utilización requiran da posesión do título.

Fins e funcións do Colexio

Os fins esenciais do Colexio son a ordenación do exercicio da profesión en todas as súas formas e especialidades; a representación exclusiva desta profesión e a defensa polos intereses profesionais dos titulados; velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión mediante a salvagarda e observancia dos seus principios deontolóxicos e éticos; lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados; cooperar na mellora dos estudos que conducen á obtención dos títulos correspondentes; e colaborar coas administracións públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión.

Para o cumprimento destes fins, o Colexio facilitaralles aos seus membros o exercicio da profesión; asesorará ás administracións públicas, corporacións oficiais e particulares nos asuntos que afecten á mesma; emitirá os informes que se lle requiran sobre as disposicións de calquera rango que teñan incidencia na actividade desta enxeñaría; exercerá a representación para o cumprimento dos seus fins; participará nos organismos consultivos das distintas administracións públicas en materia da súa competencia



profesional; cooperará coa Xustiza e demais organismos oficiais na designación de Colexiados que puidesen ser requiridos para realizar informes, ditames, taxacións, peritaxes ou outras actividades profesionais; ordenará a actividade profesional dos seus membros; establecerá baremos de honorarios; impedirá os casos de intrusismo e organizará actividades e servizos de interese para os Colexiados.

Colexiación

O texto establece que para ser Colexiado hai que estar en posesión do título universitario oficial de enxeñaría técnica en informática ou diplomatura en informática -ou ben do título estranxeiro equivalente sempre que, en virtude de convenio de reciprocidade, o Goberno lles outorgue a autorización expresa para poder exercer a profesión-; non atoparse inhabilitado profesionalmente nin Colexialmente como consecuencia de resolución xudicial ou resolución disciplinaria firme; aboar a cota de entrada vixente e, se procede doutro Colexio territorial, achegar unha comunicación do Colexio de orixe que acredite as condicións anteriores.

A Colexiación poderá ser denegada cando os documentos presentados sexan insuficientes ou ofrezan dúbidas con respecto da súa autenticidade; cando o petionario estea baixo condena que leve anexa unha pena de inhabilitación para o exercicio da profesión; e cando estea suspendido neste exercicio por outro Colexio. Así mesmo, perderase a condición de Colexiado a petición propia, por pena de inhabilitación ou por falta de pagamento da cota Colexial durante un ano.

O decreto establece o catálogo de dereitos e deberes dos Colexiados así como os órganos de representación, desenvolvemento normativo, control, goberno e administración do Colexio, que son a asemblea xeral, a xunta de goberno e o presidente.



OS ALUMNOS DE BACHARELATO PODERÁN ELIXIR ENTRE AS MODALIDADES DE ARTES, CIENCIAS E TECNOLOXÍA E HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

- ***O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia***
- ***O bacharelato de Artes terá dúas vías, unha referida á imaxe, as artes plásticas e o deseño, e outra centrada na música, a danza e as artes escénicas***
- ***Entre as novidades do currículo atópase a nova materia de carácter común Ciencias para o mundo contemporáneo, que se estudará no primeiro curso***
- ***O alumnado de 1º de bacharelato que teña tres ou catro materias suspensas poderá optar entre repetir ou cursar unicamente as materias pendentes e matricularse ademais noutras de segundo curso***
- ***Por primeira vez, os conservatorios profesionais de música de Vigo e A Coruña ofertarán o bacharelato de Artes, na vía de música, danza e artes escénicas, dependendo estas ensinanzas dun instituto de educación secundaria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o decreto, o bacharelato terá tres modalidades: Artes, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. Así mesmo, o bacharelato de Artes terá dúas vías, unha referida á imaxe, as artes plásticas e o deseño, e outra centrada na música, a danza e as artes escénicas. Outra das novidades é que o alumnado de 1º de bacharelato que teña tres ou catro materias suspensas poderá optar entre repetir ou cursar unicamente as materias pendentes e matricularse ademais noutras de segundo curso. Entre as novidades do novo currículo atópase ademais a nova materia de carácter común Ciencias para o mundo contemporáneo.

O decreto aprobado hoxe establece que o bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobligatoria, e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

Con este acordo, Galicia convértese nunha das poucas comunidades autónomas que xa ten aprobado o decreto do currículo de bacharelato antes de que remate o presente curso. O vindeiro curso 2008-2009 implantaranse as ensinanzas correspondentes ao 1º curso do bacharelato e no ano académico 2009-2010 implantaranse as correspondentes ao segundo curso.

De acordo co establecido na Lei Orgánica de Educación (LOE), o bacharelato estrutúrase en tres modalidades; Artes, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. A modalidade de Artes organizarase en dúas vías: a de Artes plásticas, deseño e imaxe e a de Artes escénicas, música e danza. Pola súa banda, as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais terán unha estrutura única.



Todos os Institutos de Educación Secundaria de Galicia ofertarán polo menos dúas modalidades de bacharelato, e practicamente todos os centros de secundaria impartirán as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. Ademais, un total de 17 centros ofertarán a modalidade de Artes e, como novidade, os conservatorios profesionais de música de Vigo e A Coruña impartirán esta modalidade na vía de música, danza e artes escénicas. O bacharelato ofertado no conservatorio da Coruña dependerá do IES *Salvador de Madariaga*, e o de Vigo farao do IES *Alexandre Bóveda*.

Materias comúns e de modalidade

As materias comúns do 1º curso son Ciencias para o mundo contemporáneo, Educación física, Filosofía e cidadanía, Lingua galega e literatura I, Lingua castelá e literatura I e Lingua estranxeira I. No segundo curso serán Historia de España, Historia da filosofía, Lingua galega e literatura II, Lingua castelá e literatura II e Lingua estranxeira II.

A nova materia Ciencias para o mundo contemporáneo pretende contribuír a que todas as persoas posúan un coñecemento científico funcional e dinámico, susceptible de ser aplicado en contextos diversos e para seguir o ritmo da actualidade científica, e que permita ao alumnado actuar como persoas autónomas e críticas.

Desde un enfoque multidisciplinario, esta materia abordará cuestións como a orixe do universo e da vida, a saúde, a xestión sustentable do planeta, así como a biotecnoloxía, as tecnoloxías da comunicación, a nanotecnoloxía e a sociedade do coñecemento. Ademais, tamén a nova materia Filosofía e Cidadanía complementará á xa existente Historia da Filosofía.



As materias da modalidade de Artes plásticas, deseño e imaxe son:

PRIMEIRO CURSO
▪ Cultura Audiovisual
▪ Debuxo Artístico I
▪ Debuxo Técnico I
▪ Volume
SEGUNDO CURSO
▪ Historia da Arte
▪ Técnicas de expresión gráfico-plástica
▪ Deseño
▪ Debuxo Artístico II
▪ Debuxo Técnico II

En artes escénicas, música e danza:

PRIMEIRO CURSO
▪ Análise musical I
▪ Anatomía aplicada
▪ Cultura audiovisual
▪ Linguaxe e práctica musical
SEGUNDO CURSO
▪ Artes escénicas
▪ Historia da música e da danza
▪ Literatura universal
▪ Análise musical II



En Ciencias e Tecnoloxía as materias de modalidade son:

PRIMEIRO CURSO
▪ Bioloxía e xeoloxía
▪ Debuxo técnico I
▪ Física e química
▪ Matemáticas I
▪ Tecnoloxía industrial I
SEGUNDO CURSO
▪ Bioloxía
▪ Ciencias da terra e medioambientais
▪ Debuxo técnico II
▪ Electrotecnia
▪ Física
▪ Matemáticas II
▪ Química
▪ Tecnoloxía industrial II

En Humanidades e Ciencias Sociais, as materias de modalidade son:

PRIMEIRO CURSO
▪ Economía
▪ Grego I
▪ Latín I
▪ Historia do mundo contemporáneo
▪ Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais
SEGUNDO CURSO
▪ Economía de empresa
▪ Xeografía
▪ Grego II
▪ Latín II
▪ Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II
▪ Literatura universal
▪ Historia da arte

O alumnado deberá cursar tres materias de modalidade en cada un dos cursos do bacharelato. Das seis materias de modalidade que se deberán cursar no conxunto dos dous cursos do bacharelato, polo menos cinco deberán ser da modalidade elixida. Ademais, os estudantes deberán cursar unha materia optativa tanto no primeiro como no segundo curso. Garántese que o alumnado poida elixir tamén como materia optativa unha materia de modalidade.

Promoción



O alumnado conseguirá a promoción ao 2º curso cando supere todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. O alumnado que non consiga a promoción ao segundo curso deberá permanecer un ano máis no primeiro, cursándoo de novo na súa totalidade se o número de materias avaliadas negativamente é superior a catro.

Como novidade, as alumnas e alumnos que non consigan a promoción ao segundo curso e teñan tres ou catro materias avaliadas negativamente poderán optar por repetir curso na súa totalidade, ou cursar as materias de primeiro curso con avaliación negativa e completar con dúas ou tres materias de segundo curso que non coincida no seu horario coas de primeiro curso suspensas.

Así mesmo, o alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgunhas materias, poderá matricularse das mesmas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

No vindeiro curso 2008-2009 implantaranse as ensinanzas correspondentes ao 1º curso do bacharelato, e no ano académico 2009-2010 implantaranse as correspondentes ao segundo curso.

Horario

Os alumnos cursarán un total de 32 horas semanais en cada un dos anos académicos, distribuídas do seguinte xeito:

PRIMEIRO CURSO	
Materia	Horas semanais
▪ Ciencias para o mundo contemporáneo	2 horas
▪ Educación física	2 horas
▪ Filosofía e cidadanía	2 horas
▪ Lingua castelá	3 horas
▪ Lingua galega	3 horas
▪ Lingua estranxeira	3 horas
▪ Relixión	1 hora
▪ Materias propias da modalidade	12 horas
▪ Materias optativas	4 horas



SEGUNDO CURSO	
Materia	Horas semanais
▪ Historia de España	3 horas
▪ Historia da filosofía	3 horas
▪ Lingua castelá	3 horas
▪ Lingua galega	3 horas
▪ Lingua estranxeira	3 horas
▪ Relixión	1 hora
▪ Materias propias da modalidade	12 horas
▪ Materias optativas	4 horas

No actual ano académico, están a estudar bacharelato en Galicia un total de 32.731 alumnos, repartidos do seguinte xeito:

- **Modalidade de Artes:** 857 alumnos
- **Modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde:** 14.633 alumnos
- **Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:** 14.758 alumnos
- **Modalidade de Tecnoloxía:** 2.483 alumnos



O CONSELLO DA XUNTA REGULA POR DECRETO A COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DO CONSORCIO ONCOLÓXICO GALEGO

- *A súa función fundamental é prestar unha asistencia sanitaria especializada en materia oncolóxica, aproveitando os recursos existentes*
- *Este organismo permitirá unificar esforzos entre administracións e lograr un proxecto asistencial común que garanta aos cidadáns unha asistencia integral, de calidade e en condicións de igualdade*
- *O consorcio está conformado pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, o Concello da Coruña e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se regula a composición e as funcións do Consorcio Oncolóxico de Galicia, cuxa función fundamental é a de prestar unha asistencia sanitaria especializada, aproveitando os recursos existentes en materia oncolóxica.

O pasado mes de maio, a conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal; o alcalde da Coruña, Javier Losada de Azpiazu; e o presidente da Fundación Centro Oncolóxico Rexional, José Antonio Quiroga Piñeyro, asinaron un convenio para a formación do Consorcio Oncolóxico, que se desenvolve a través deste decreto.

O Consorcio constituíuse como un instrumento executivo que permite unificar esforzos entre as tres administracións para lograr un proxecto asistencial común coa finalidade de aproveitar de xeito eficiente todos os recursos sanitarios en materia de oncoloxía, e de xeito que se lles garanta aos cidadáns unha asistencia integral, de calidade e en condicións de igualdade.

Amplíase así a colaboración existente entre estes departamentos; consolídase a planificación conxunta da asistencia oncolóxica, ou a introdución de novas técnicas; e facilítase a incorporación do Centro Oncolóxico Rexional no proxecto de historia clínica electrónica que está a desenvolver a Consellería de Sanidade.

Á Consellería de Sanidade correspóndelle a determinación das políticas sanitarias do consorcio a través do contrato-programa, que é o que establece con carácter anual, logo de ser negociado co Consorcio, a actividade e as condicións a desenvolver, é dicir, o ámbito de actuación. O Servizo Galego de Saúde asume o financiamento a través da subscripción do contrato programa; o Concello da Coruña autoriza o uso compartido do inmovible e os terreos onde se empraza o Centro Oncolóxico; e a Fundación contribúe coa totalidade da súa capacidade asistencial.

Prevención asistencia e investigación oncolóxica

O decreto recolle como obxectivos específicos a educación sanitaria, a promoción da saúde e a prevención da enfermidade en materia oncolóxica; a atención especializada en



réxime extrahospitalario e hospitalario; e as actividades de coñecemento nos ámbitos de sanidade e das ciencias da saúde, da docencia, da investigación, a formación, a bioética, e os sistemas de información; e, tamén, o pulo ao desenvolvemento das tecnoloxías e dos recursos para mellorar a calidade da prestación sanitaria.

O Consorcio Oncolóxico Galego está formado por un consello reitor integrado por sete membros, a presidencia e a Vicepresidencia. Os sete membros do consello reitor distribúense de xeito que dous serán designados pola Consellería de Sanidade, dous polo Servizo Galego de Saúde, dous pola Centro Oncolóxico, e un polo Concello da Coruña. Dos sete membros un será o presidente ou presidenta, outro o vicepresidente ou vicepresidenta e os cinco restantes serán vogais. A presidencia do consello reitor será exercida por aquela persoa que, formando parte do Consello reitor, se elixa por unanimidade.



O CONSELLO APROBA O DECRETO DE DECLARACIÓN DA ZEPA DE PENA TREVINCA (OURENSE), CUMPRINDO A SENTENZA EUROPEA QUE OBRIGA A GALICIA A AMPLIAR AS ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE AVES

- **Actualmente a rede Zepa está composta por 14 lugares, aos cales se engade Pena Trevinca e se sumará no vindeiro outono A Limia**
- **A Zepa de Pena Trevinca consta dunha superficie de 22.510 hectáreas pertencentes aos municipios ourensáns de Carballeda de Valdeorras, A Veiga e Viana do Bolo**
- **Este espazo natural conta cunha interesante poboación de perdiz charrela e de especies como a gatafornela ou o falcón peregrino**
- **Nesta zona tamén existen áreas de nidificación de rapinas como aguiá real, aguiá albela e a tartaraña cincenta**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao decreto para a declaración da Zona de Especial Protección de Aves (Zepa) no espazo natural de Pena Trevinca (Ourense), elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Esta declaración suporá o cumprimento do 50% da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo que obriga a Galicia a declarar dúas novas Zepas – Pena Trevinca e A Limia-, e ampliar así as zonas de protección de aves, ao igual que a outras comunidades autónomas como Andalucía, Baleares, Canarias, Castilla la Mancha, Cataluña e Valencia.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea obriga ao Goberno Galego á declaración de dúas novas zonas de protección de aves, en Pena Trevinca e A Limia, ambas na provincia de Ourense. As previsións da Consellería de Medio Ambiente neste senso apuntan a que a aprobación da Zepa da Limia será efectiva no vindeiro outono, de xeito que neste ano Galicia cumpriría a sentenza na súa totalidade.

A Zepa de Pena Trevinca sumarase á rede de zonas de protección de aves en Galicia, que na actualidade está composta por 14 lugares: Illas Cíes, Ribadeo, Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal Umia – O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira, Costa da Morte, Illa de Ons, Costa de Ferrolterra – Valdoviño, Complexo Litoral de Corrubedo, Costa da Mariña Occidental, Ría de Foz, Ancares, Esteiro de Miño, Baixa Limia – Serra do Xurés e Serra da Enciña da Lastra, que abarcan unha superficie total de 71.579 hectáreas.

No caso de Pena Trevinca, a zona de protección contará cunha superficie de 22.510 hectáreas pertencentes aos concellos de Carballeda de Valdeorras, A Veiga e Viana do Bolo, nunha zona de alta montaña que constitúe un macizo montañoso rodeado de vales, que corresponde a un dos mellores ecosistemas subalpinos de Galicia.

A presenza de aves na zona está caracterizada por unha interesante poboación de perdiz charrela, así como doutras especies como a gatafornela, o falcón peregrino, a papuxa do mato ou o bufo real. Conta tamén con áreas de nidificación e campeo de r



rapinas como a aguia real, a aguia albela, o miñado abelleiro, o millafre negro e a tartaraña cincenta, entre outras, e de aves invernantes como o esmerillón.



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO QUE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA E FUNCIONAL DO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

- ***O ISSGA contará cos dúas subdireccións xerais, coordinadas por unha dirección e unha Comisión de Goberno***
- ***Na Comisión estarán representados os axentes económicos e sociais***
- ***O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral xestionará e coordinará as políticas que en materia de seguridade, hixiene e saúde laboral estableza a Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, creado pola Lei 14/2007 do 3 de outubro. Segundo se recolle nesta norma, este organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo contará para o desenvolvemento das súas funcións con dúas subdireccións xerais coordinadas pola dirección do Instituto e pola Comisión de Goberno, na que están representados os axentes económicos e sociais.

O decreto establece que o ISSGA estará organizado en dous tipos de órganos, de dirección e de xestión. Así pois, contará cunha Dirección do Instituto e unha Comisión de Goberno. Esta, presidida pola directora xeral de Relacións Laborais, Pilar Cancela, estará formada, ademais de polos representantes da Administración, por representantes da Confederación de Empresarios de Galicia e dos tres sindicatos máis representativos a nivel autonómico: CCOO, CIG e UGT.

Por outra banda, establécense no decreto os órganos de xestión, dous departamentos con nivel de subdirección xeral: A Subdirección Xeral de Administración e Persoal e a Subdirección Xeral Técnica e de Planificación. Completan a estrutura do Instituto os catro Centros Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral, o laboratorio de referencia de hixiene analítica e a Comisión para a Integración da Igualdade.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral confórmase como o órgano científico-técnico da Administración autonómica no eido da prevención de riscos laborais. Estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade do persoal dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo.

Correspóndelle ao ISSGA, de acordo coa súa lei de creación, a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.



A XUNTA CONVOCA 35 PRAZAS DE BOLSEIROS PARA REALIZAR PRÁCTICAS NOS CENTROS DE ATENCIÓN A MENORES DEPENDENTES

- ***O Goberno galego aprobou hoxe as bases que rexerán esta convocatoria de bolsas para o curso escolar 2008-2009***

O Consello da Xunta deulle o visto e prace á orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Trátase dunha iniciativa que o Goberno galego financiará con 49.350 euros.

En concreto, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar convoca 35 bolsas, -10 na Coruña, 5 en Lugo, 11 en Ourense e 9 en Pontevedra- para a realización de prácticas, en todos os centros de menores dependentes deste departamento, entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de xuño de 2009. Os bolseiros gozarán de aloxamento e mantenza gratuíta no centro que lles corresponda, durante o vindeiro curso escolar, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento das matrículas académicas e do material escolar. Ao remate das súas prácticas, recibirán un diploma acreditativo e seranlles recoñecidos 2 créditos de libre configuración a aqueles rapaces que cursen estudos nalgunha das tres universidades galegas.

Poderán participar na convocatoria os residentes en Galicia que estean cursando ou teñan rematado estudos universitarios ou de formación profesional grao superior (FP2), que sexan menores de 25 anos e que non teñan desfrutado con anterioridade desta convocatoria de axudas ou doutra similar durante máis dun ano. Outro requisito para os solicitantes é non padecer enfermidade ou limitación física que lles impida o normal desenvolvemento das actividades.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG. As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, xunto coa documentación pertinente que se detalla na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 156.000 EUROS PARA REMATAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE LALÍN

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de cooperación que subscribirán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Lalín***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Lalín para rematar as obras de construción dunha escola infantil neste municipio pontevedrés. Ao abeiro deste acordo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta destinará un total de 156.311 euros para a finalización das obras, cuxo importe total ascende a 195.389 euros. O Concello de Lalín será o encargado de achegar os 39.077 euros restantes para o remate do proxecto.

Segundo se establece no convenio de cooperación, a nova escola infantil será integrada na Rede Galega de Escolas Infantís *Galescola* e participará dos plans e proxectos de mellora da calidade que se desenvolvan ao abeiro desta rede. Así, a nova escola infantil de Lalín será xestionada a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o que garante unha xestión integral dun servizo para as familias nun marco axeitado para a atención, educación e formación da primeira infancia.

A extensión e mellora na calidade das escolas infantís para nenos e nenas de cero a tres anos constitúe un elemento estratéxico para a sociedade galega no seu conxunto, na medida en que incide directamente, por unha banda, nos dereitos dos nenos e no seu desenvolvemento socioeducativo e, por outra, no feito de que supón un recurso a prol da corresponsabilidade e da conciliación da vida laboral, persoal e familiar.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA 1.250.000 EUROS PARA A ATENCIÓN SANITARIA E FARMACÉUTICA DOS GALEGOS RESIDENTES EN VENEZUELA

- ***A Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Sanidade e a Fundación España Salud asinan un convenio para a prestación de asistencia sanitaria aos emigrantes***
- ***As actuacións que comprende este convenio están dirixidas aos galegos e os seus descendentes que se atopen en situación de falta de cobertura real de asistencia sanitaria e de prestación farmacolóxica***
- ***A Secretaría Xeral de Emigración achegará 650.000 euros e a Consellería de Sanidade, o resto***

A Secretaría Xeral de Emigración cooperará economicamente coa Fundación España Salud (FES) para a prestación de atención sanitaria, médico-cirúrxica e farmacéutica en Venezuela aos emigrantes beneficiarios de pensións do sistema español de protección social e de axudas por incapacidade.

FES conta con máis de 12.000 afiliados, dos cales un 26% (3.200) son galegos e actúa, practicamente, en todo o territorio venezolano. O maior número de afiliados, o 50%, concéntrase na capital, Caracas, seguida dos estados de Miranda e Carabobo.

Os plans de actuación da Fundación baséanse en cinco puntos:

- Atención Primaria de Saúde (APS), cuxo propósito é a atención médica preventiva e curativa
- Atención especializada ambulatoria: consulta para todas as especialidades médicas e cirúrxicas e servizos auxiliares de diagnóstico
- Plan de Hospitalización e Cirurxía
- Subministración de medicamentos: 10% de desconto en medicamentos.
- Asistencia funeraria: gratuíta en todo o país.

A Fundación España Salud foi creada no ano 2006, vindo suceder a antiga Sociedade Española de Beneficencia e constituíuse mediante unha serie de convenios asinados polo Ministerio de Traballo, a Xunta de Galicia e o Goberno de Canarias. Precisamente galegos e canarios supoñen case o 75% do total dos afiliados.

O convenio que agora asinan a Secretaría Xeral de Emigración e a Consellería de Sanidade coa Fundación España Salud supón unha axuda económica de 1.250.000 euros a repartir nun 50% para o exercicio 2008 e o resto para o ano 2009. A Secretaría Xeral de Emigración achegará 650.000 euros e a Consellería de Sanidade, o resto.



A XUNTA DE GALICIA E O MINISTERIO DE TRABALLO E INMIGRACIÓN COLABORARÁN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DE INMIGRANTES

- ***O convenio, ao que o departamento de Emigración achegará 1.328.013,88 euros, permitirá, asemade, a integración e o reforzo educativo das persoas inmigrantes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun protocolo entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Ministerio de Traballo e Inmigración polo que se prorroga para o ano 2008 o convenio de colaboración subscrito no ano 2005 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo.

Os eixos de actuación de este convenio son os referidos a acollida, educación, emprego, vivenda, servizos sociais, saúde, infancia e xuventude, igualdade de trato, muller, participación, sensibilización e co-desenvolvemento.

A Secretaría Xeral de Emigración, coa sinatura do convenio, achegará a contía de 1.328.013,88 euros, e o Ministerio de Traballo e Inmigración 4.028.878 euros, sendo o investimento total nas actuacións obxecto do convenio de 5.356.891,88 euros .

Deste total, 4.400.091,88 euros corresponden ao investimento nas actuacións de reforzo educativo e acollida e integración, e 956.800,00 euros o das actuacións do *Programa especial para a atención a menores estranxeiros non acompañados desprazados desde Canarias*.

O convenio estende a súa vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008.



A XUNTA INVISTE 105.000 EUROS NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS E OS PROGRAMAS FORMATIVOS DA COMUNIDADE BERMEJO, EN BOLIVIA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e o Honorable Goberno Municipal do Municipio de Samaipata (Bolivia), para a execución do proxecto de mellora da educación na Comunidade Bermejo, Florida (Santa Cruz)***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o Honorable Goberno Municipal do Municipio de Samaipata (Bolivia), para a execución do proxecto de mellora da educación na Comunidade Bermejo, Florida (Santa Cruz), a través da Unidade Educativa Timoteo Rondales, dependente da Dirección Distrital de educación Samaipata. A Xunta investirá un total de 105.000 euros na mellora das infraestruturas educativas desta comunidade e dos seus programas formativos.

Segundo o I Plan Director de Cooperación Exterior 2006-2009, Bolivia é un dos países prioritarios para a cooperación galega. Trátase do país máis pobre de América do Sur, posto que conta cun 58.6% do total da poboación por baixo do nivel de pobreza. Ao mesmo tempo, presenta elevados índices de desigualdade social, só superados por Brasil.

En liña coas prioridades sectoriais establecidas no plan director, o acordo hoxe adoptado pretende apoiar o sistema educativo da Comunidade Bermejo, mediante a mellora das súas infraestruturas educativas e o pulo aos programas formativos, o que redundará no progreso social e económico da poboación desta Comunidade e do Municipio de Samaipata.

Tomando a educación como base fundamental, as actividades desenvolveranse a través de propostas de innovación pedagóxica e educacional, dotación de infraestrutura, e a implementación da educación técnica en Cultura e Turismo. Xa en Galicia, levaranse a cabo accións de sensibilización sobre a situación social en Bermejo, dirixidas aos escolares e encamiñadas á formación en valores de educación para o desenvolvemento, a cooperación internacional e o fomento dun posicionamento activo ante a inxustiza.

No eido da educación traballarán conxuntamente a Dirección Distrital de Educación de Samaipata, o IES Carlos Casares de Viana do Bolo (Ourense) e a asociación Escolas da Terra; facendo fincapé en temas fundamentais como a educación para a cidadanía e o desenvolvemento, a promoción da solidariedade e o voluntariado, a educación ambiental, a valoración patrimonial, a educación para a igualdade de xéneros e a educación para a saúde e afectivo-sexual. O contacto e pulo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria foi fundamental para o comezo desta colaboración.



O GOBERNO GALEGO ACHEGARÁ 210.000 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE DE PROTECCIÓN CIVIL DE NOIA

- ***O edificio cubrirá as necesidades loxísticas, operativas, comunicativas, espaciais e de situación do servizo municipal de emerxencias***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Noia para a construción dun novo edificio que acolla a base do servizo local de Protección Civil. Para este fin, a Consellería de Presidencia achegará 209.560 euros.

Desta maneira, a Consellería de Presidencia pretende dotar o Concello de Noia dun local de nova construción que sexa axeitado para a prestación dos servizos municipais de emerxencias e que cubra as necesidades de espazo, situación, comunicación, operativas e loxísticas de protección civil.

Pola súa banda, o Concello de Noia levará a cabo a execución material dos trámites necesarios para a licitación das actuacións deste convenio, realizará todas as xestións que procedan e someterase ás comprobacións e actuacións de control financeiro que se lle puidesen realizar. Ademais, o Concello colaborará coa Xunta na organización e na realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais de protección civil prestando axuda na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal cando así se requira e na divulgación da protección civil, da autoprotección e da prevención de riscos e accidentes.

Para facilitar o seguimento e o cumprimento do convenio constituirase unha comisión mixta paritaria integrada por representantes das dúas partes asinantes e que terá funcións de interpretación e desenvolvemento do convenio e intervención previa á resolución por incumprimento deste, de ser o caso. Neste sentido, o convenio poderá resolverse por incumprimento das estipulacións ou polo transcurso do tempo fixado sen que se teña executado o investimento da subvención.



A XUNTA ACHEGARÁ 969.000 EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE CINCO VEHÍCULOS CONTRA INCENDIOS PARA O FUTURO CONSORCIO DE BOMBEIROS DE LUGO

- ***O Consello autorizou a sinatura dun convenio para fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia e a Deputación de Lugo con este obxectivo***
- ***Serán bombas nutrices pesadas, cunha cisterna de auga de capacidade mínima de 8.000 litros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio para fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Lugo para a adquisición de cinco vehículos contra incendios e de salvamento para a dotación do futuro Consorcio de Bombeiros da Provincia de Lugo. O departamento autonómico achegará un total de 969.000 euros, mentres que a Deputación se encargará da licitación e de toda a tramitación necesaria para a súa posta en funcionamento, incluída a xestión das autorizacións necesarias.

Unha vez adquiridos, estes vehículos estarán á disposición do futuro Consorcio de Bombeiros de Lugo, que ten previsto iniciar o seu funcionamento con cinco parques de bombeiros, de xeito que prestarán o seu servizo no ámbito xeográfico provincial.

Características técnicas

Segundo establece o texto do convenio, os vehículos deben ser bombas nutrices pesadas, cun motor diésel de potencia mínima de 280CV, tracción de 4x2 e cabina abatible cara adiante sinxela e metálica con dúas portas, tres prazas e vidros de seguridade. O vehículo disporá de todos os elementos de iluminación e sinalización que exixen as normas da UE, así como os elementos específicos da instalación contra incendios, tanto luces e faros como sereas.

A carrozaría disporá polo menos dous armarios laterais e un traseiro central. No seu compartimento central aloxarase a bomba contra incendios e a debandoira de primeiro socorro. A cisterna de auga terá unha capacidade mínima de 8.000 litros e deberá estar fabricada en material anticorrosivo e apto para o transporte de auga potable. No seu interior montaranse tabiques diques para evitar movementos inadecuados do líquido no seu interior. A bomba, pola súa banda, deberá ser centrífuga e construída en material anticorrosivo, resistente á auga do mar e cun eixe de aceiro inoxidable. Así mesmo, ten que poder funcionar co vehículo parado e durante os seus desprazamentos.

Cada vehículo estará equipado cun terminal de comunicacións móbiles da rede *Trunking* da Xunta de Galicia, con GPS incorporado para o envío automático de datos por esta rede a unha base remota e conectores e interfaces necesarios para a súa conexión co transceptor. Tamén contarán cun pulsador para conmutar as canles de radio convencionais e permitir así a súa operación noutras redes de radiotelefonía móbil.



O futuro consorcio farase cargo do manexo, mantemento e eventuais reparacións dos vehículos, así como da obriga de tomar ao seu cargo una póliza de seguros que cubra todos os riscos que poidan derivarse da circulación co mesmo, das súas actuacións e dos seus ocupantes. Estes poderán ser asignados ao parque comarcal que as partes asinantes do convenio decidan de común acordo.



A XUNTA ACHEGARÁ 1.624.000 EUROS PARA FINANCIAR 49 GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA

- ***Financiarase o funcionamento da estrutura estable e profesionalizada dos Grumir, conformada por tres dos quince membros de cada grupo de intervención rápida***
- ***A Consellería de Presidencia destina 424.000 euros e a de Medio Rural, 1.200.000, ata finais deste ano, para favorecer que estes grupos colaboren en actuacións de emerxencia e de prevención e extinción de incendios***

O Consello da Xunta acordou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as Consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural e de Traballo, xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), polo que se destina 1.624.000 euros para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais ata o 1 de xaneiro de 2009.

Con esta achega financiarase o funcionamento da estrutura estable e profesionalizada de 49 grupos municipais de intervención rápida (Grumir), a cal está conformada por tres dos quince membros de cada colectivo. Ao importe regulado neste convenio haberá que sumar a achega da Consellería de Traballo, que financia a través de programas de emprego os outros doce membros -voluntarios- que integran a estrutura renovable. En total hai 61 grupos municipais de intervención rápida, pero tan só 49 deles teñen estrutura estable e, por iso, son o obxecto do convenio autorizado hoxe.

O texto deste acordo regula as condicións do réxime de funcionamento e financiamento da sección estable e profesionalizada do grupo. Así, este ano, as Consellerías de Presidencia e a de Medio Rural contribuirán cun importe total de 1.624.000 euros, dos que Medio Rural achega 1.200.000 euros e Presidencia os 424.000 euros restantes.

Os Grumir dependen tanto xurídica como organicamente dos concellos e en ningún caso teñen vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Así, a contribución dos municipios realizarase directamente aos traballadores contratados en cada localidade. Ademais, os concellos deberán garantir a coordinación dos Grumir e dotar o grupo tanto dun vehículo todoterreo en condicións mecánicas e de dotación axeitadas como das ferramentas e equipamentos necesarios para o desenvolvemento do seu labor.

Funcións do persoal contratado

O persoal contratado para os Grumir levará a cabo tarefas de atención e xestión das solicitudes realizadas a través do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia ou para o ámbito da súa demarcación. Ademais, realizará as funcións que se lle encomendan nos plans de emerxencia municipal, de actuación municipal e nos de protección civil da Comunidade.

Tamén realizará funcións específicas de intervención en incendios forestais e urbanos e en situacións derivadas de riscos naturais, de riscos provocados polo home e en



nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca e noutras situacións que impliquen riscos para as persoas, os bens ou o ambiente.

Así mesmo, estes traballadores colaborará en concentracións de persoas, en asuntos de seguridade vial, no establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de risco e en calquera outra actividade que implique colaboración cos concellos en materia de protección civil, ambiente, servizos sociais, sanidade e eventos culturais, educativos e deportivos.



A XUNTA INVESTIRÁ 189.000 EUROS NO EQUIPAMENTO DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO PARQUE DE SAN CIBRAO, EN LUGO

- ***A Asociación de Empresarios colaborará con Protección Civil formando o seu persoal de ámbito local ou os voluntarios a través de xornadas divulgativas e publicacións***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao para a colaboración do servizo de bombeiros do parque empresarial á atención das emerxencias nos concellos próximos e en tarefas de prevención e protección civil. A Consellería de Presidencia, a través da Dirección Xeral de Protección Civil, e compromete a contribuír á renovación do material e equipamento de emerxencias do dito servizo. O convenio estará vixente ata o vindeiro 1 de decembro e suporá unha achega de 189.000 euros.

No convenio recóllese que a Asociación de Empresarios San Cibrao, sen prexuízo das prestacións a que con carácter xeral poida estar obrigada pola lexislación vixente neste eido, colaborará coas autoridades de Protección Civil de Galicia en materia de formación o persoal da protección civil local ou das agrupacións de voluntarios a través de xornadas divulgativas e publicacións, así como a poboación en xeral, nas actividades relacionadas con esta temática que indiquen as devanditas autoridades.

Especificamente, a Asociación de Empresarios San Cibrao desenvolverá as seguintes actividades: charlas informativas e formativas dirixidas aos membros das agrupacións de voluntarios de Protección Civil -xa sexa de forma unilateral ou en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública-; divulgación de medidas preventivas e de autoprotección a través de publicacións; mostrario de material de equipamento formativo e de intervención; e intervención contra incendios e de salvamento. Doutra banda, neste acordo precísase que o material de protección civil e emerxencia que se adquira (equipamento especial na loita contra incendios, rede de hidrantes, etc.) deberá ir rotulado cos logotipos da Xunta da Galicia e a Asociación Empresarios San Cibrao.

Comisión de seguimento

Ademais, recoñécese a creación dunha comisión mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes: pola Xunta, un subdirector xeral da Dirección Xeral de Protección Civil e un técnico dependente dela, e pola Asociación Empresarios San Cibrao o presidente e o secretario técnico. Esta Comisión velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte axeitado para atender os supostos que as circunstancias puidesen deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.



A XUNTA APROBA A CREACIÓN E OS ESTATUTOS DA ACADEMIA GALEGA DE GASTRONOMÍA

- ***A Academia ten como obxectivos o estudo, o coñecemento e a promoción das ciencias e das artes culinarias, ademais da promoción do seu valor etnográfico, a investigación, e a práctica das cociñas propias das distintas bisbarras galegas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación e os estatutos da Academia Galega de Gastronomía, organismo que ten como fins o estudo, o coñecemento e a promoción das ciencias e das artes culinarias, ademais da promoción do seu valor etnográfico a través da investigación e a práctica das cociñas propias das distintas bisbarras e parroquias galegas. Este organismo nace co fin de divulgar as súas excelencias e propiciar a súa estima e expansión; coidar da pureza das súas tradicións e dar a coñecer en España e no estranxeiro as características e aspectos máis relevantes da gastronomía galega. A Academia quedará adscrita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Para levar a cabo os obxectivos marcados a Academia porá en marcha diferentes iniciativas:

- Organización de actos públicos e culturais
- Edición de publicacións para a divulgación a nivel nacional e internacional, da gastronomía específica de Galicia
- Investigación de novas receitas con que realzar a notable calidade dos nosos produtos e estimular os profesionais da hostalaría galega
- Creación de premios e distincións para destacar os méritos dos investigadores e profesionais da restauración, así como particulares cuxo labor os faga merecentes de seren destacados
- Elaboración de guías gastronómicas de ámbito galego

A Academia estará integrada por cincuenta e dous académicos titulares -que poderán ser académicos promotores-fundadores e académicos titulares de número-, académicos correspondentes, mestres da arte e académicos de honra.

Dereitos e deberes dos académicos

Os académicos estarán obrigados á asistencia ás reunións, conferencias e actos de toda índole que a corporación celebre, así como tamén a contribuír cos seus traballos e publicacións á marcha dela e a desempeñar os cargos e representacións que se lle confíen a Academia ou o seu presidente.

Órganos reitores

Os órganos reitores da Academia, segundo o decreto, son o pleno e a xunta reitora. Así, establececese que o pleno é o órgano supremo da entidade e ten competencias na



aprobación do orzamento do exercicio seguinte, da xestión, contas e memoria anual que elabore a xunta reitora; nomeamento de académicos, aumento e diminución de estes; adquisición, alleamento ou cesión dos seus bens; a modificación dos estatutos; etc.

Pola súa banda, a xunta reitora será nomeada polo pleno e estará formada por un presidente, tres vicepresidentes, un secretario xeral e un tesoureiro (ambos con residencia permanente na Coruña, sede da Academia) e tres vogais. Entre as súas atribucións atópanse a representación da Academia en todo o que se refire ao seu goberno interior, así como na relación con entes extra académicos; executar os acordos dos plenos; determinar o emprego dos fondos; redactar a memoria anual; ordenar a convocatoria dos plenos, acordar a creación de correspondentes ou delegacións, entre outras.



A XUNTA PON EN MARCHA UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE OS EPISODIOS TÓXICOS NOS MOLUSCOS BIVALVOS DE GALICIA

- ***O Goberno galego deu o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración para a posta en marcha deste estudo para o que o executivo achegará máis de 1,1 millóns de euros***
- ***O obxectivo desta acción de investigación é o fortalecemento do sector da acuicultura de moluscos bivalvos en Galicia e perfeccionar e innovar o sistema de control dos episodios tóxicos que sofren estas especies***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) e a Fundación Cetmar, para o desenvolvemento dunha acción de investigación sobre “Os episodios tóxicos de orixe fitoplanctónico nos moluscos bivalvos de Galicia”.

O obxectivo principal deste proxecto, no cal se involucran os organismos nomeados, é o fortalecemento do sector da acuicultura de moluscos bivalvos a través da articulación das investigacións sobre os episodios tóxicos nunha estrutura coordinada con capacidade para orientar e priorizar desenvolvementos futuros e resolver problemas inmediatos derivados da regulación, xestión ou control dos devanditos episodios tóxicos. Con este traballo coordinado tamén se busca perfeccionar e innovar o sistema de control de biotoxinas actual e avaliar as posibles vías de solución a curto e medio prazo da presenza desta toxina.

Para a posta en marcha desta iniciativa, o Goberno galego achega un total de 1.138.683 euros e a súa vixencia comprenderá o período que vai desde a sinatura do convenio de colaboración ata o 31 de decembro de 2011. Ademais, coa información final que se obteña deste estudo, a Xunta de Galicia disporá dun marco de actuación para a posta en marcha de futuras políticas de prevención e control dos procesos tóxicos que padecen os bivalvos.

O sector da acuicultura de moluscos bivalvos ten unha grande importancia en Galicia, tanto no que se refire á produción e ás cifras de negocio, como en número de empregos directos e indirectos, sobre todo grazas ao cultivo do mexillón e doutras especies nas nosas rías. A acuicultura galega domina, ademais, no mercado nacional e, é un dos principais subministradores nos mercados europeos.

Aínda con todo isto, os atrancos que sofre esta actividade económica por mor das toxinas de orixe fitoplanctónica son importantes, podendo considerarse como o principal problema a que teñen que facer fronte os cultivos en Galicia. Neste sentido, e para paliar as consecuencias da aparición destes compostos tóxicos, é necesario actuar sobre varias vías e, fundamentalmente, sobre unha correcta regulación dos niveis tolerables. Así, débese traballar sobre a implementación dun sistema de control optimizado en termos de



custo económico e de desenvolvemento de métodos de redución da acumulación da toxina nos bivalvos, profundizando nos procesos que regulan a acumulación (aproximación fisiolóxica) e nos propios organismos (aproximación xenética).

Deste xeito, tanto os departamentos de Innovación e Industria e Pesca e Asuntos Marítimos, como a Universidade de Santiago de Compostela, o Intecmar e a Fundación Cetmar, apostan por este tipo de iniciativas e por este proxecto de investigación en particular de grande importancia para o sector do cultivo de moluscos da nosa Comunidade Autónoma.

Esta actuación enmárcase, ademais, nos programas sectoriais do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (Incite – Innovación, Ciencia e Tecnoloxía), da Dirección Xeral de I+D+i, que favorecen que a investigación aplicada poida ser transferible aos principais sectores da economía galega e contribúan á competitividade, modernización e diversificación da economía produtiva.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 10 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA OURENSE-MACEDA

- ***Alargarse a calzada, reformaranse as incorporacións e crearase un carril para vehículos lentos, o que mellorará notablemente a seguridade viaria***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de 10 millóns de euros no acondicionamento da estrada Ourense-Maceda (OU-101) no treito comprendido entre o acceso ao Parque Tecnolóxico de San Cibrao das Viñas e Maceda. Este treito ten unha lonxitude de 15,114 quilómetros e discorre polos concellos de San Cibrao das Viñas, Pereiro de Aguiar, Paderne de Allariz e Maceda. A maiores dos 10 millóns de euros que se investirán nos traballos, outros 860.000 euros irán destinados ao pagamento das expropiacións dos terreos necesarios.

A obra que acometerá a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes consistirá na ampliación e mellora da calzada para que conte con dous carrís de 3,5 metros de largo e dúas beiravías dun metro. Para facilitar a fluidez do tráfico crearase un carril para vehículos lentos de preto de 2,5 quilómetros entre os puntos quilométricos 6,550 e 8,940, o que mellorará a mobilidade nunha zona con elevado tráfico de vehículos pesados pola súa proximidade a polígonos industriais.

Tamén se reducirán e concentrarán os accesos á estrada para evitar situacións de perigo e facilitaranse as manobras coa construción de carrís de incorporación e saída que terán en conta os raios de xiro necesarios para os vehículos agrícolas, que con frecuencia teñen que cruzar ou empregar esta estrada. Todas estas actuacións redundarán na mellora da seguridade viaria dos usuarios desta vía.



A XUNTA DESTINA CASE UN MILLÓN DE EUROS Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA OU-320 AO SEU PASO POR ALLARIZ

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financiará cun total de 965.000 euros as obras de acondicionamento e mellora da seguridade viaria na estrada OU-320 (Piñeiro de Arcos-Ponte Noalla) ao seu paso pola localidade ourensá de Allariz.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Allariz, segundo o cal Política Territorial se encarga de financiar a totalidade desta actuación. Pola súa banda, o Concello elaborará o proxecto e executará as obras. Tamén deberá pór á disposición os terreos e tramitar as licenzas e permisos necesarios para levar a cabo a actuación.

A obra ten por obxecto mellorar as condicións de seguridade viaria no treito da estrada que coincide coa rúa Emilia Pardo Bazán, que serve de nexo entre o centro histórico da vila e a zona de nova expansión. As actuacións levaranse a cabo en dous tramos, o primeiro, que vai dende a Ponte ata o cruzamento coa rúa Alfredo Nan e dende esta rúa ata o cruzamento de Paicordeiro, mentres que o segundo parte do cruzamento de Paicordeiro ata a Godalla.

Unha vez rematadas as obras, o Concello de Allariz asumirá a titularidade da vía no treito entre o cruzamento coa rúa Roimelo e a Ponte, de 1,2 quilómetros de lonxitude.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ NO MÁSTER OFICIAL DE CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN NA EMPRESA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo polo que o departamento autonómico investirá 45.000 euros no máster oficial en Creación, Dirección e Innovación na Empresa, que a institución educativa impartirá desde o próximo curso na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

O máster forma parte da oferta de titulacións adaptadas ao novo Espazo Europeo de Educación Superior. Trátase dun programa de orientación interdisciplinar e vocación internacional. Os contidos están dirixidos a fomentar a cultura innovadora, procurando a mellora da eficacia na dirección de proxectos empresariais e de xestión da innovación, da tecnoloxía e da calidade en calquera tipo de organización. Innovación e Industria colabora na titulación “xa que responde ás necesidades do mercado laboral e da chamada “nova” economía do coñecemento” ao integrar tres ámbitos interrelacionados: a creación de empresas, a súa dirección e a xestión da innovación, da tecnoloxía e da calidade.

Os 45.000 euros achegados pola Consellería de Innovación e Industria súmanse aos 45.000 da Consellería de Traballo, aos 41.580 que asume a Universidade de Vigo e aos 16.000 obtidos mediante outras fontes de financiamento. Unha parte deste orzamento será para a convocatoria de bolsas entre o alumnado do máster para remunerar a realización de prácticas. Estímase que se concederán 10 bolsas cunha dotación de 1.500 euros cada unha.

Docencia, prácticas e traballo final

A duración do máster de Creación, Dirección e Innovación na Empresa é de 90 créditos ECTS, dos cales 60 son de docencia teórico-práctica e 30 corresponden a prácticas en empresas ou en organizacións de soporte á investigación e innovación (centros de innovación, centros tecnolóxicos, parque tecnolóxico, etc.) e un traballo fin de máster.

Os contidos divídense en catro módulos. O primeiro correspondería a temas avanzados en xestión de empresas e en economía, facendo énfase na xestión do coñecemento, nos métodos de análise, na información financeira, nas habilidades directivas e en asuntos concretos da economía de redes na Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal. No segundo módulo o tema será a creación de empresas, contidos centrados no financiamento, no emprendemento, no marco legislativo e fiscal e na creación de empresas de base tecnolóxica.

O terceiro módulo refírese especificamente á xestión da innovación, da tecnoloxía e da calidade. Os puntos principais das materias deste módulo son a comercialización de novos produtos, os sistemas español e galego de innovación, as políticas de I+D+i na Unión Europea, as ferramentas de xestión da innovación e da tecnoloxía e a implantación de sistemas de xestión que integren a calidade, a saúde laboral, a responsabilidade social



corporativa e un sistema axeitado de recursos humanos. No módulo catro, correspondente á especialización, os alumnos realizarán un traballo final do máster.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXECUCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Programa de infraestruturas desenvolverá proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos mediante que afectarán a 74 concellos***
- ***O investimento autorizado hoxe polo Consello da Xunta súmase aos 17.042.652 euros da anterior quenda***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a execución da segunda fase do Programa de infraestruturas no Medio Rural, que suporá un investimento de máis de 11 millóns de euros. Trátase da realización dunha serie de proxectos destinados á dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos das cales se beneficiarán un total de 74 concellos galegos.

A segunda fase de execución do Programa de infraestruturas no Medio Rural supón exactamente un investimento de 11.312.819 euros, que se suman aos 17.042.652 euros da anterior quenda. As actuacións, que se desenvolverán mediante convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os concellos, serán financiadas con cargo ao Feader (2007-2013) e con fondos propios da Xunta.

O Programa de infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería. Estes criterios aplícanse dende o ano 2006, logo de seren consensuados coa Fegamp.

A programación naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



A XUNTA COLABORARÁ CON ASOGACARNE PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DA CARNE EN GALICIA

- ***A Consellería do Medio Rural asinará un convenio con Asogacarne para o establecemento de accións conxuntas integradas na creación dun Plan estratéxico do sector cárnico en Galicia, dotado cun orzamento de 1.848.680 euros, segundo acordou o Consello da Xunta***

O Plan estratéxico do sector cárnico de Galicia permitirá contar cunha diagnose actual e coas alternativas de interese que constitúan unha guía para definir as orientacións das políticas públicas de apoio, en especial á industria agroalimentaria transformadora no marco de reforzar a súa presenza nos mercados e de incrementar a súa importancia no sector a nivel estatal e europeo.

Asogacarne, ao abeiro deste acordo, elaborará actuacións encamiñadas a desenvolver este plan, entre as cales destacan unha enquisa coa participación da industria transformadora da carne en Galicia, que sirva de información base para a creación do plan estratéxico. Ademais, divulgará tanto os contidos da información obtida e contrastaraos co sector para obter resultados concluíntes, como as prácticas innovadoras e os avances técnicos de interese no sector cárnico galego. Realizará tamén informes relativos á estrutura económica das empresas do sector, á estrutura comercial e ás perspectivas de futuro da industria transformadora. Ademais, emprenderá unha análise en particular da presenza da muller e da incidencia da conciliación da vida laboral e familiar para reforzar a súa participación, así como da incorporación e captación de persoas mozas ao desenvolvemento de proxectos empresariais no ámbito do sector gandeiro galego.

Por outra parte, incidirase no desenvolvemento de códigos de boas prácticas e sobre as condicións de benestar dos animais nos matadoiros, así como sobre as prácticas de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte dos animais. Estudaranse os controis e procedementos que garanten a rastrexabilidade dos produtos cárnicos e, ademais, avaliarase a capacidade de xeración de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, tanto na industria transformadora como na distribución, e mais na viabilidade de proxectos de xestión para a súa valorización.

A Consellería achegaralle 1.848.680 euros a Asogacarne, a única entidade representativa a nivel das empresas do sector cárnico en Galicia que aglutina a práctica totalidade das transformadoras situadas no País, para contribuír, segundo os seus fins fundacionais ao fomento e mellora do sector transformador e industrial cárnico con carácter xeral.



O GOBERNO GALEGO COLABORA COA FAO NUN PROXECTO DE ACUICULTURA RURAL E DE PEQUENA ESCALA EN AMÉRICA LATINA E O CARIBE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun Memorando de Entendemento entre os dous organismos co que se quere intensificar a colaboración que levan a cabo en materia pesqueira en beneficio dos países en desenvolvemento***
- ***Os contidos do protocolo foron perfilados nun encontro celebrado o pasado mes de abril en Santiago de Compostela entre representantes da Administración pesqueira galega e a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun Memorando de Entendemento entre a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que permitirá, entre outras accións, a posta en marcha do proxecto *“Acuicultura rural e de pequena escala para o desenvolvemento sustentable en América Latina e o Caribe”*. Coa subscrición deste protocolo, os dous organismos queren intensificar a colaboración que veñen mantendo en materia pesqueira en beneficio dos países en desenvolvemento, en concordancia coas metas definidas por Nacións Unidas, en particular cos Obxectivos do Milenio.

Para acadar ese fin, a Consellería de Pesca e a FAO identificarán de común acordo programas e proxectos que poidan ser materia de cooperación, á vez que se fixarán acordos específicos para cada unha desas actuacións. Ademais, co obxecto de verificar a correcta execución e a avaliación do Memorando, así como para determinar accións no seu marco de actividade, designarase unha comisión de seguimento integrada por dous representantes da cada unha das partes. Así, a referida comisión será a encargada de fixar a finalidade, programa de traballo, orzamento total e medios requiridos dos proxectos e actuacións e, en xeral, calquera outro aspecto considerado relevante. Pola súa banda, a execución dos subprogramas farase con cargo ao orzamento ordinario da Consellería de Pesca.

Proxecto de acuicultura para América Latina e o Caribe

O protocolo que asinarán a Administración pesqueira galega e a FAO fixa como primeira actividade a levar a cabo polas dúas partes a identificación, formulación e posta en funcionamento dun proxecto de acuicultura para América Latina e o Caribe, unha iniciativa con que se persegue mellorar e impulsar os mercados locais e rexionais para produtos de acuicultura e estimular o consumo de peixe. Ademais, con esta medida tamén se quere implementar a nivel rexional o enfoque ecosistémico da acuicultura e mellorar a aplicación do código de conduta para a pesca responsable (CCRF), así como fomentar a gobernabilidade e a planificación da acuicultura nas zonas obxecto de actuación e diseminar e mellorar as capacidades e experiencias técnicas.



Así mesmo, a execución do proxecto está dirixida a acadar a mellora da cooperación entre países con experiencia en prácticas de manexo, planificación e políticas acuícolas que poida incrementar o impacto dos cultivos mariños sobre o PIB dos estados implicados, particularmente aumentado a influencia do sector sobre as comunidades rurais e as súas formas de gañar a vida. Por outra banda, tamén se quere promover o desenvolvemento sustentable da acuicultura neses países.

Para acadar os obxectivos do devandito proxecto promoveranse diferentes actividades e subprogramas que incluírán catro módulos de diagnose e capacitación técnica enfocados á acuicultura rural e de pequena escala. Eses módulos son o fortalecemento institucional e a organización do sector privado (pequenos produtores e agrupacións de acuicultores rurais); o desenvolvemento tecnolóxico e produción de alimentos, semente e sistemas produtivos; a posta en marcha de boas prácticas de manexo; e a ampliación de mercados xunto co incremento do consumo local de peixe de acuicultura.

Os catro módulos en que se incidirá poderán incluír talleres e actividades prácticas e demostrativas e a súa planificación buscará cubrir os diferentes estados participantes no proxecto *“Acuicultura rural e de pequena escala para o desenvolvemento sustentable en América Latina e o Caribe”*. Cabe sinalar que esta iniciativa se executará baixo a dirección técnica da FAO baseándose nos recursos que se determinen no plan de actividades que elaborará unha comisión conxunta de identificación e formulación en colaboración coas autoridades dos países integrados no proxecto.



A XUNTA INVISTE 864.000 EUROS EN ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO CONCELLO OURENSÁN DE PARADA DE SIL

- ***As obras teñen un prazo de execución de 12 meses***
- ***O proxecto inclúe a execución dunha rede separativa para garantir o uso axeitado das depuradoras***
- ***Tamén está prevista a nova instalación ou reposición da rede de abastecemento en diversos núcleos do concello***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica, investirá 864.000 euros en obras de saneamento e abastecemento no concello ourensán de Parada de Sil. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a administración autonómica e local para a execución do proxecto, que será financiado na súa totalidade pola consellería.

O proxecto ten un prazo de execución de 12 meses e incluírá a melloras na rede de saneamento actual así como a nova instalación ou reposición da rede de abastecemento.

Así, está prevista a execución dunha rede separativa de saneamento para garantir o uso correcto das depuradoras, así como a nova execución ou reposición da rede de abastecemento en diversos núcleos do concello. Para isto acometerase a construción de novos tramos de abastecemento e saneamento, ademais da instalación de catro depósitos de auga e tres pequenas depuradoras para 25 e 50 habitantes respectivamente.

As obras financiaranse en dúas anualidades, a primeira polo importe de 464.000 euros e a segunda, o vindeiro ano, por 400.000 euros.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 110.000 EUROS EN ACTUACIÓNS DESTINADAS A IMPULSAR E DIVULGAR O USO DA MADEIRA NA EDIFICACIÓN

- ***As actuacións previstas no convenio son a organización de cursos formativos, elaboración de documentos técnicos, edición dunha publicación dirixida a arquitectos e a creación dunha páxina web divulgativa***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia para financiar actuacións destinadas a impulsar e divulgar o uso da madeira na edificación, de acordo co establecido no Código Técnico da Edificación respecto das estruturas de madeira.

Nese sentido, a través da sinatura deste convenio, a consellería achegará 110.000 euros ao CIS-Madeira –centro pertencente á Fundación – para potenciar a formación e coñecemento dos diferentes axentes da edificación a través de cursos, elaboración de documentos técnicos, dunha publicación dirixida a arquitectos e dunha páxina web.

A achega económica da Consellería de Vivenda e Solo distribúese en dúas anualidades: 55.000 euros con cargo aos orzamentos de 2008, e os 55.000 euros restantes serán con cargo ao exercicio 2009. Pola súa banda, o CIS-Madeira será a entidade encargada de achegar os medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo as actuacións previstas no convenio de colaboración.

Impartición de cursos formativos

Por unha banda, impartiranse cursos sobre construción en madeira que permitan a formación de todo tipo de profesionais do sector. Entre os módulos formativos previstos inclúense aspectos como a madeira serrada, madeira laminada, patoloxías e protección da madeira, deseño construtivo, técnicas de inspección e intervención en estruturas de madeira antigas o lume nas estruturas de madeira, entre outros.

Elaboración de documentos técnicos

Un dos obxectivos é a elaboración de documentos técnicos que completen a normativa técnica estatal en áreas de interese específicas en Galicia. Nese sentido, prevese a elaboración da *Guía da madeira estrutural* e dun documento técnico baixo o título *Identificación de patoloxías e intervencións na obra*.

Publicación dirixida a arquitectos

Editarase unha publicación, cunha tiraxe de 1000 exemplares, que recolla unha selección de obras destacadas polo uso da madeira e realizadas en Galicia, así como unha relación dos principais subministradores de produtos de madeira existentes en Galicia.



Cada unha das obras seleccionadas incluírá unha ficha técnica cos principais subministradores, tipo de madeira, calidades, etc. A publicación tamén incluírá documentación gráfica, detalles construtivos e comentarios dos autores.

Páxina web

As actuacións previstas no convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta tamén inclúen o deseño, realización e mantemento dunha páxina web onde se poderá consultar toda a información recollida nas publicacións e documentos técnicos elaborados, as fichas técnicas das obras e o directorio dos subministradores de produtos de madeira.